

PROBAS DE ACCESO Á UNIVERSIDADE (ABAU)

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

Curso 2019-2020

CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR TIPO DE CUESTIÓN

INGLÉS

Summary (0,75 puntos)

Esta pregunta será puntuada segundo os seguintes criterios:

1. O alumno identificou as ideas principais do texto e resumiunas sen incluír información secundaria ou anecdótica.
2. O alumno expresou estas ideas en aproximadamente 50 palabras, sen copiar literalmente do texto, con coherencia, claridade, cohesión, razoable corrección gramatical e léxico axeitado ao tema.

Comprehension questions. True/False (1 punto; 0,25 x 4)

O alumno debe indicar se as frases son verdadeiras ou falsas e escribir a parte (e só esa parte) do texto, na que se basea para xustificar a súa resposta.

Find words or phrases ... (0,75 punto; 0.25 por cada palabra/ expresión correcta)

Pronunciation (1 punto; 0,25 x 4)

O alumno debe demostrar que sabe distinguir elementos básicos da pronuncia do inglés, como son consonantes, vocais, diptongos, terminacións, etc.

Transformations (1,5 puntos; 3 x 0,5)

Transformación dunha parte ou o total dunha frase noutras palabras para que signifique o mesmo. Constará de tres partes, cunha puntuación de 0,5 puntos para cada parte.

Writing (2,5 puntos)

Esta pregunta pretende avaliar a capacidade comunicativa do alumnado no ámbito da produción escrita. A nota final (máximo 2,5 puntos) outorgarase segundo a medida na que o alumnado cumpra os seguintes parámetros:

a) Alcance. O alumnado aborda adecuadamente o tema proposto. Sabe comunicar as ideas que quere transmitir utilizando unha considerable variedade de recursos. Sabe utilizar o rexistro lingüístico adecuado á situación. (0,5 puntos)

b) Riqueza e control do vocabulario. (0,4 puntos)

c) Corrección gramatical. O alumnado ten un repertorio básico de elementos lingüísticos e de estratexias que lle permiten abordar o tema con comodidade. Non comete erros gramaticais básicos, como, por exemplo, omitir o suxeito diante dun verbo, omitir a “-s” da 3ª persoa do singular do Presente Habitual (he writeS), utilizar adxectivos en plural, usar incorrectamente os adxectivos posesivos e demostrativos, non dominar os tempos verbais e outros erros similares. (0,4 puntos)

d) Fluidez. O alumnado posúe un dominio da lingua inglesa adecuado e suficiente para evitar cortes na comunicación ou malentendidos. (0,4 puntos)

e) Cohesión. O alumnado utiliza adecuadamente os conectores e demais medios de cohesión. (0,4 puntos)

f) Coherencia. O alumnado é capaz de organizar as súas ideas para redactar un texto coherente e ben estruturado. (0,4 puntos)

TOTAL (REALIZANDO 4 DAS 6 PREGUNTAS DO EXAME): 10 puntos.